



A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 25 de abril de 2014, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS E DEPORTISTAS A NIVEL INDIVIDUAL PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO DURANTE O ANO 2014”

1. OBXECTO E FINALIDADE

1.1. As presentes bases teñen por obxecto regular o réxime de concesión de axudas destinadas a clubs ou entidades deportivas e deportistas individuais, radicados na provincia de Pontevedra para financiar as seguintes accións, realizadas no exercicio 2014.

- Participación en competicións deportivas de carácter extraordinario que esixa viaxar fóra da Comunidade Autónoma, no ámbito estatal
- Competición internacional a nivel europeo
- Competición internacional a nivel mundial

Valoraranse preferentemente as competicións de carácter oficial.

1.2. O orzamento máximo dispoñible para a concesión das subvencións ás que se refire a presente convocatoria é de 150.000,00 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 14/340.341.489.24.

2. DESTINATARIOS E REQUISITOS

2.1. Concederanse subvencións en dous ámbitos diferentes, o de clubs ou entidades deportivas e o de deportistas individuais, federados.

As entidades ou clubs deportivos cuxos primeiros equipos teñan subvencións nominativas no orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2014 non poderán presentar ningún proxecto relacionado co equipo subvencionado, aínda que si cos demais equipos que configuren a dita entidade.

2.2. Poderán concorrer ás subvencións reguladas na presente convocatoria as entidades ou clubs deportivos radicados na provincia de Pontevedra que compitan durante o ano 2014 no ámbito sinalado anteriormente e que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar constituídos legalmente
- Estar inscritos no rexistro de asociacións deportivas da Dirección Xeral para o deporte da Xunta de Galicia
- Estar ó día coas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas

2.3. Os deportistas individuais deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ser natural da provincia de Pontevedra ou, de non selo, presentar certificado de empadramento con cinco anos de antigüidade
- Competir oficialmente durante ao ano 2014 con licenza federativa pertencente a un club da provincia
- Estar ó día coas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas

3. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN. PRAZO E FORMA

3.1. DOCUMENTACIÓN

- Instancia de solicitude conforme ó modelo que figura no anexo I das presentes bases. Só se poderá admitir unha solicitude por participante.
- CIF do club ou entidade deportiva
- DNI dos deportistas individuais e do seu representante se é menor de idade, así como DNI do representante do club.



- Declaración xurada na que conste se se concederon ou non outras axudas ou se solicitaron coa mesma finalidade. As ditas axudas serán avaliadas pola comisión de valoración.
- Certificado da conta bancaria a nome do club se a axuda solicitada está destinada ó club ou entidade deportiva e certificado da conta bancaria a nome de deportista individual ou do seu representante, se é menor de idade.
- Certificado da Federación á que pertence o club ou entidade deportiva, no que se acredite a competición á que asisten
- Certificado da Federación á que pertenza o deportista individual, no que se acredite a competición á que asista
- Memoria do Proxecto Deportiva 2014

A presentación da solicitude conlevará a autorización do solicitante para a obtención de forma directa da acreditación do cumprimento de obrigacións tributarias co Estado, Seguridade Social e Deputación de Pontevedra a través de certificados telemáticos; nese caso o solicitante non deberá achegar a correspondente certificación. No entanto, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo achegar entón a aludida certificación.

3.2. FORMA

As solicitudes de subvención deberán presentarse no rexistro xeral de Deputación:

- Sede Pontevedra: Avda. Montero Ríos, s/n (de luns a sábado)
- Sede Vigo: Rúa O Porto, 3 (de luns a venres)

Ou tal e como se establece no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de presentar a solicitude nunha oficina de Correos farase en sobre aberto para que as solicitudes sexan datadas e seladas polo funcionario correspondente.

3.3. PRAZO

O prazo de presentación será de 30 días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

4. CRITERIOS DE VALORACIÓN

O procedemento de concesión das subvencións atenderase ó regulado na Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro.

Establécense os seguintes criterios de valoración:

- Memoria deportiva da actividade a subvencionar (ata 3 puntos)
- Categoría na que participa (ata 5 puntos)
- Orzamento detallado dos gastos a subvencionar (ata 2 puntos)

As propostas de concesión de subvención someteranse á aprobación do órgano de goberno competente.

Transcorridos seis meses a partir do día seguinte ó da terminación do prazo da presentación das solicitudes sen que os interesados obteñan unha resposta expresa entenderase desestimada a petición.

5. COMISIÓN DE VALORACIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

5.1. A instrución do procedemento de concesión de subvención correspóndelle ó xefe de Servizo de Deportes, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a súa determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co artigo 24 da Lei xeral de subvencións.

As solicitudes de subvención serán avaliadas segundo os criterios sinalados anteriormente pola comisión de valoración, órgano colexiado composto por:

Presidenta: a deputada-presidenta da Comisión de Deportes

Vogais:

- Xefe do Servizo de Deportes
- Xefe negociado do Servizo de Deportes

Secretaria: actuará como secretaria unha funcionaria do Servizo de Deportes.



5.2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.

6. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

A subvención concedida deberá xustificarse antes do 28 febreiro de 2015.

Os seus datos serán tratados segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999 e no R.d. 1720/2007 de protección de datos de carácter persoal podendo ser incorporados os ficheiros da Deputación de Pontevedra relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación ou oposición nos termos establecidos na le no seguinte enderezo: Avda. Montero Ríos, s/n. Para estes trámites existen formularios a súa disposición en www.depo.es

**ANEXO I. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA CLUBS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS
PARA ACTIVIDADES CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO**

1. DATOS DO SOLICITANTE

<input type="checkbox"/> Clubs deportivos <input type="checkbox"/> Deportista individual	
Nome:	CIF:
Nome do representante:	DNI:
Enderezo:	C. p.:
Localidade:	Tel.:
Correo-e:	Tel.:

2. SOLICITUDE

Obxecto da subvención:	
Orzamento	Custo total: euros
Modalidade deportiva:	
Categoría na que participa:	

3. DOCUMENTACIÓN

- Fotocopia cotexada do CIF do club deportivo
- Fotocopia cotexada do DNI do representante
- Fotocopia cotexada do DNI do deportista individual e, se é menor, do seu representante
- Declaración xurada na que conste que se lle concederon ou non outras axudas ou se solicitaron coa mesma finalidade. As axudas serán avaliadas pola comisión de valoración
- Memoria deportiva da actividade a subvencionar
- Orzamento da actividade debidamente detallada, asinado polo solicitante
- Certificado da federación no que se acredite a competencia á que asiste
- Certificación da conta bancaria

4. DECLARACIÓN

Ó mesmo tempo autorizo á Deputación para obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que a entidade/deportista está ó corrente nas súas obrigas

Lugar e data:	Asdo.: o solicitante
..... de de 20.....	

Pazo Deputación Provincial, avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra. Tel: +34 986 804 100 - Fax: +34 986 804 176, deportes@depo.es

Mod. 340.013

Pontevedra, a 2 de maio de 2014.—O Xefe do Servizo de Deportes, Mariano Gómez-Ulla Álvarez.

2014004014